OBSERVACIÓNS AO NOVO TEXTO DO ANTEPROXECTO DA LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

Observacións da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Artigo 26 bis. Sistema de certificación da sustentabilidade do sector agroalimentario galego.

6. *Os produtos certificados baixo o sistema definido neste artigo serán distinguidos por un logotipo público específico e recoñecible polas persoas consumidoras. Con este fin, poderase rexistrar unha marca de garantía que acolla os produtos agroalimentarios sostibles de acordo co establecido neste artigo e nas normas que o desenvolvan.*

Este novo artigo 26 bis, dedicado a establecer un novo sistema de certificación da sostibiilidade, prevé a existencia dun novo logotipo para distinguir os produtos agroalimentarios sustentables, e a posibilidade de crear unha nova marca de garantía para os mesmos. Esta marca de garantía sería independente da regulada no artigo 44.

A coexistencia das dúas marcas de garantía pode xerar riscos de confusión ao consumidor final, esixíndolle un esforzo adicional para coñecer que se está garantindo e diferenciando con cada signo distintivo.

Podería valorarse que o cumprimento destes requisitos de sustentabilidade formen parte do contido dos pregos que regulan a concesión de licencias de uso da marca de garantía Galicia Calidade.

Artigo 44. Marca de garantía para a promoción da produción alimentaria de calidade de Galicia

3. *A marca de garantía regulada neste artigo poderá acoller tamén produtos galegos doutros sectores económicos distintos do alimentario que cumpran as especificacións contidas no correspondente regulamento de uso e que teñan unhas esixencias comúns de calidade, trazabilidade e sostibilidade.*

CVE: Bw6f489J4Fj2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

Coa regulación deste novo parágrafo, contémplanse expresamente a posibilidade de conceder licencias de uso de marca de garantía (se sobreentende Galicia Calidade) a **produtos** non agroalimentarios, como ven ocorrendo na actualidade.

Pero a realidade é que Galicia Calidade ampara non só produtos, senón tamén servizos como son os propios da Hostalaría ou os servizos náuticos.

Polo tanto, parece innecesario o novo precepto, en canto non contempla a realidade de todas as empresas licenciatarias de Galicia Calidade e, en todo caso, a súa regulación excede da propia dunha lei de calidade alimentaria.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.

O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro

Asinado por: ATAN CASTRO, JORGE
Cargo: Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio
Data e hora: 26/04/2022 13:15:09

CVE: Bw6f489J4Fj2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve